


■ XORNADA SOFTWARE LIBRE NO TERCEIRO SECTOR: OPORTUNIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO

Memoria





Táboa de contidos

1.- INTRODUCCIÓN.....	3
2.- AGASOL.....	3
3.- XORNADA SOFTWARE LIBRE NO TERCEIRO SECTOR	4



1.- INTRODUCCIÓN

Subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2011 (Procedemento administrativo PR521A).

Importe subvencionable de **19.496,88 euros**

2.- AGASOL

A **Asociación de empresas GALEgas de Software Libre (AGASOL)** é unha iniciativa de empresas galegas de software libre que se agrupan nunha asociación en agosto de 2007 con 12 empresas, iniciativa que nace da preocupación e dos intereses comúns de empresas galegas ao redor do uso, distribución e fomento do software libre e dos estándares abertos como ferramentas válidas para desenvolver proxectos entorno as TIC e a sociedade da información en Galicia.

Agasol pretende tentar acadar maiores oportunidades de negocio entorno a solucións e tecnoloxías de código aberto “OpenSource”, exercer como interlocutores co conxunto de organizacións públicas e privadas dun sector en plena fase expansiva na nosa comunidade, e ao mesmo tempo conxugando accións de cara a fomentar un modelo de sociedade baseado no coñecemento no que resultan claves a liberdade para mellorar os programas informáticos e facer públicos e accesibles eses progresos.

Entre os obxectivos que persegue Agasol encóntranse os seguintes:

- 1.-Promocionar e divulgar o uso do Software Libre.
- 2.-Fomentar a investigación e o desenvolvemento de tecnoloxías baseadas en Software Libre, apoiando así unha maior competitividade empresarial.
- 3.-Servir de vínculo e intermediario útil ante a Administración Pública.

AGASOL é un axente fundamental na promoción e difusión do uso das TIC en Galicia. Dende fai anos, ven realizando diferentes accións encamiñadas a un maior achegamento da sociedade da información a diferentes colectivos sociais, a través de presentacións, xornadas, demostracións, xuntanzas, etc., nas que se presentan solucións e experiencias baseadas en tecnoloxías en código aberto.



3.- XORNADA SOFTWARE LIBRE NO TERCEIRO SECTOR

O **obxecto** do proxecto foi a organización dunha xornada de promoción e difusión do Software libre entre os principais representantes do terceiro sector en Galicia en diferentes eidos: discapacidades, dereitos humanos, desenvolvemento social, drogodependencias, educación, exclusión social, xuventude, terceira idade, mulleres, etc.

Tratábase dun proxecto de enorme **interese** porque respondía á necesidade de achegar a diferentes colectivos en situación de desamparo social, a través dos seus principais axentes representativos, vías de desenvolvemento a través das TIC.

Os **obxectivos** desta xornada foron:

- **Informar e achegar o Software libre** entre o colectivo destinatario da xornada como ferramenta práctica e útil de desenvolvemento, ademais do seu carácter colaborativo.
- **Achegar solucións e experiencias** de interese que poden ser de aplicación nas entidades participantes.
- Contribuír a que o terceiro sector poida levar a cabo a súa misión de **desenvolvemento social** a través de ferramentas prácticas e gratuitas.
- Establecer as bases para crear unha verdadeira **plataforma de intercambio de información e experiencias** no eido do Software Libre e o terceiro sector.

O día elixido para a celebración da Xornada foi o **29 de setembro de 2011**.

Celebrouse no **Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA)**, entidade totalmente accesible para persoas con discapacidade física e de carácter gratuíto.

O MUPEGA está situado na Rúa San Lázaro, nº 107, en Santiago de Compostela.

O programa desenvolvido foi o seguinte:

- 9:15-9:30 **Recollida de acreditacións.**
- 9:30-9:45 **Presentación institucional.**
Convidouse á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica Dona Mar Pereira Alvarez pero por motivos de axenda foille imposible acudir a esta presentación.
- 9:45-10:30 **“¿Que é o Software Libre? Filosofía, solucións e ventaxas”.**
Ponente: Xavier Castaño (Igalia)
- 10:30-11:15 **“Tecnoloxías accesibles no centro educativo dixital”**
Ponente: Carlos Rodríguez (Tegnix)



- 11:15-11:40 Pausa-café
- 11:40-12:30 **“Tecnoloxías accesibles no fogar dixital. Teleasistencia en usuarios con diversidade funcional”**
Ponente: Xurxo Cegarra (Wireless Galicia)
- 12:30-13:30 **MESA REDONDA E PRESENTACIÓN DE NOVA PLATAFORMA DE TRABALLO**
Participación de empresas que contan con ferramentas dirixidas ao terceiro sector e orientadas á accesibilidade. Ademais de ponentes de recoñecido prestixio a nivel nacional e especialistas en accesibilidade.

Creouse unha **PÁXINA WEB ESPECIALIZADA** no terceiro sector e o Software Libre:

www.social.agasol.org

Esta páxina ten entre os seus obxectivos os seguintes:

- Amosar experiencias e solucións baseadas no Software Libre para o terceiro sector.
- Convertirse nunha plataforma de intercambio e colaboración entre axentes tic e sociais.
- Amosar novas, tendencias e links de interese.

Licenza Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza.

